



Instrucións para os exames do Módulo de Riscos derivados da Organización e a Carga de Traballo

1º CS Riscos Profesionais

As probas de recuperación faranse de forma oral a través da plataforma Cisco Webex (plataforma facilitada pola Xunta).

Indicacións para o seu desenvolvemento:

- ✓ Recoméndase **inscribirse previamente** á mesma, para o que tedes un formulario na aula virtual ao inicio da mesma chamado **“Formulario de inscrición proba telemática Riscos derivados da organización e da carga de traballo”**. Tedes de prazo para a inscrición **até o día 11 de xuño as 20:00 horas**.
- ✓ No día e horario establecido para o exame, deberedes estar pendentes porque recibiredes unha invitación á plataforma Cisco Webex para que vos conectedes á proba oral.
- ✓ As persoas convocadas deberedes acceder á plataforma unha vez recibida a invitación nun prazo de 10 minutos, de non ser así, **entenderase a non asistencia ao exame**.
- ✓ **Inicialmente**, faredes a conexión co ordenador e co móbil, pois teredes que amosar que a mesa ou lugar onde realicedes o exame estean baleiros, sen ningún material de apoio. A continuación, deberedes apagar o móbil, salvo que a conexión á proba se faga exclusivamente por este medio.
- ✓ O exame será gravado.
- ✓ Deberedes ter o pelo despexado, as mans visibles e a webcam e o micrófono activado de forma obrigatoria e non poderedes utilizar cascos.
- ✓ A proba oral consistirá en preguntas curtas, de desenvolvemento e pequenos supostos prácticos que serán **contestadas de forma sucesiva** sen posibilidade de volver atrás.
- ✓ Unha vez que finalice a realización de todas as probas, comunicarse a nota a través da aula virtual.
- ✓ A plataforma funciona correctamente porque a estivemos utilizando durante a 3ª avaliación. En principio, non debería de haber ningún problema para conectarvos pero, no caso de que o haxa, estarei pendente de calquera incidencia a través da aula virtual ou chamareivos por teléfono para solucionarala.
- ✓ Nas clases de recuperación por videoconferencia resolveranse todas as dúbidas que poidan xurdir.